



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

María ten boas pernas,
que llas vin no corredor-e,
/:non hai pernas coma elas,
na filla dun labrador-e:/

Quedaches de vir ás nove,
viñeches ás nov´e media,
pensas que non é pecado
engañar a unha morena.

María Manuela,
corpo delicado.
Quen che pux´o nome?,
/:cascabel furado (x3)
María Manuela,
corpo delicado.

Teñ´unha cuñada tola
que de noit´anda ceibada,
débelle pica-lo bicho
que lle vexo mala cara.

María Manuela,
corpo de cereixa,
dormirei contigo
/:se teu pai me deixa (x3),
María Manuela,
corpo de cereixa.

O cura chamoume Rosa,
eu tamén lle respondín-he:
“Esas rosas, señor cura,
non se dan no seu xardín-he”.

Xa non teño home,
nin quero casar,
marchan pra taberna,
/:vans´emborrachar (x3),
xa non teño home
nin quero casar.



O cura maila criada
andan ó chucurrughúe
e o cura coa rabia
chantoull'os dentes no cú-e.

O cura maila criada
andaban ós bughalliños,
/:o cura caeu de cú-e,
a criada de fociños:/

I-o cura mai-la criada
ordenaron de cocer-e:
a leña ´staba no monte
e a fariña por moer-e.

Eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van,
os estraperlistas
/:no tren da mañá (x3),
eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van.

Esta noite fun ó muíño,
nunca che u ó muíño fóra,
a cadela de Mariño
roéum ´unha perna toda.

Unha noite fun ó muíño
nun fato de nenas novas,
elas todas en camisa
e eu no medio en cirolas.

E voltas de aquí,
e voltas de alí,
e voltas na cama
/:por riba de ti (x3),
e voltas de aquí,
e voltas de alí.

Este muíño non é muíño
que é a capilla dos ratos,
donde se dan moitos bicos
a mai-los moitos abrazos.

O moíño moie, moie,
bota fariña en roda,
bótalle ghrao Manueliño,
bótalle ghrao que non roia.



Voltas, Maruxiña,
voltas d´ arredor,
voltas, Manueliño,
/:voltas, meu amor (x3),
voltas, Maruxiña,
voltas d´ arredor.

O moíño de Soutelo
moe trigho e moe centeu-e;
tamén moe millo miúdo
que lle corre ollo cheu-e.

Na aldeíña da Pontragha,
unque todos din que non-he,
hai unha rixubeiriña
a mais un rixubeirón-he.

Na aldeíña da Pontragha
hai unha ghata rabela,
heille de tirar un tiro
polas mentiras que ordena.

Aldeíña de Liubade,
non é aldea nin lughar-e,
é unha corredoira vella
donde as bestas van caghar-e.

Indo por Santai arriba
metín un pé nunha poza,
deill´un bico onha vella
pensando qu´er´onha moza.

Todos din viva Santaia,
eu tamén digho que viva,
todos din viva Santaia,
de Santaia para riba.

Eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van,
veñen de chaqueta
/:e van de ghabán (x3),
eí veñen, eí veñen,
eí veñen, eí van.

/:Cara de leite fervido:/
inda me dixeron onte
que comeras teu pai vivo.



En Santaia hai tascóns-e
en Paradas espadelas,
/:na Pontragha hai boas nenas
en Fosa hai ghana delas:/

/:Carballeiriña oscura:/
anda, nena vive libre
rite de quen te malmura.

/:Carballeira derramada:/
naquela carballeiriña
teñ´unha nena enghañada.

Teñ´un amor que me quere,
outro que me dá diñeiro,
outro que me desengaña,
aquel é o verdadeiro.

Teñ´un amor na montaña,
teñ´un amor montañés-e,
teñ´un amor na montaña,
na mariña teño tres-e.

Non te quero, nena,
non te quero a tí,
que millores mozas
/:hainas en Madrí:/
hainas en Padrón
non te quero, nena,
non te quero non.

Casadiña de tres días,
parida de tres semanas,
limpadora do meu trigho,
¡límpalle ben as erghanas!